



 XUNTA
DE GALICIA

 Xacobeo 21-22

Ourense



Ourense moderno e contemporáneo
un paseo de
historia e vida

WINOS

Y

CHAMPAGNES

Ourense

OURENSE, CAPITAL DA PROVINCIA HOMÓNIMA, FOI FUNDADA POLOS ROMANOS NUN LUGAR ESTRATÉGICO E PRIVILEXIADO, NUNHA ENCRUCILLADA NATURAL DE CAMIÑOS E DE CONFLUENCIA ENTRE RÍOS. SITÚASE NUNHA DEPRESIÓN NO VAL DO RÍO MIÑO, ARRODEADA DE OUTEIROS, A TAN SÓ 135 METROS SOBRE O NIVEL DO MAR, O QUE PROPICIA UN CLIMA DE FORTES CONTRASTES AO LONGO DO ANO.

A FAMA DOS SEUS MANANCAIS CONVÉRTEA NA CAPITAL TERMAL DE GALICIA E É TAMÉN A SEGUNDA CIDADE DE EUROPA, TRAS BUDAPEST, QUE POSÚE UN MAIOR NÚMERO DE FONTES TERMAIS. DESTACAN OS MILENARIOS MANANCAIS DAS BURGAS, ASÍ COMO OS NUMEROSOS ESPAZOS DE BAÑO CREADOS AO LONGO DAS BEIRAS DO MIÑO, UN GRAN CORREDOR VERDE DE NATUREZA E BENESTAR.

OURENSE PRESUME DE COMERCIO E DE DESEÑADORES DE MODA, ASÍ COMO DUNHA ZONA MONUMENTAL CON RÚAS E PRACIÑAS MEDIEVAIS, IGREXAS, PAZOS E UN ENSANCHE DO SÉCULO DEZANOVE CON FERMOSES EXEMPLOS DE ARQUITECTURA MODERNISTA. É UNHA CIDADE QUE SORPRENDE E OS ENCANTOS DA CAL CONVIDÁMOLOS A COÑECER.

Imprescindibles

A Parque de San Lázaro e
O Anxo Caído



B Rúa do Paseo



C Antigo Hotel Miño



D Casa Junquera




E Igrexa de Santa Eufemia



F Praza do Ferro



A ruta



- 1 Parque de San Lázaro
- 2 Rúa do Paseo
- 3 Xardíns do Padre Feijoo
- 4 Rúa do Progreso
- 5 Xardíns do Bispo Cesáreo
- 6 Avenida de Pontevedra
- 7 Rúa Lamas Carvajal
- 8 Praza de Santa Eufemia
- 9 Rúa da Paz
- 10 Praza do Ferro
- 11 Rúa San Miguel
- 12 Praza de Eirociño dos Cabaleiros
- 13 Rúa Lepanto
- 14 Rúa Juan de Austria
- 15 Praza dos Suaves
- 16 Praza do Corredor
- 17 Rúa Santo Domingo




Ourense moderno e contemporáneo

OURENSE, CAPITAL DA PROVINCIA HOMÓNIMA, FOI FUNDADA POLOS ROMANOS NUN LUGAR ESTRATÉXICO E PRIVILEXIADO, NUNHA ENCRUCILLADA NATURAL DE CAMIÑOS E DE CONFLUENCIA ENTRE RÍOS. SITÚASE NUNHA DEPRESIÓN NO VAL DO RÍO MIÑO, ARRODEADA DE OUTEIROS, A TAN SÓ 135 METROS SOBRE O NIVEL DO MAR, O QUE PROPICIA UN CLIMA DE FORTES CONTRASTES AO LONGO DO ANO.

A FAMA DOS SEUS MANANCIAS CONVÉRTEA NA CAPITAL TERMAL DE GALICIA E É TAMÉN A SEGUNDA CIDADE DE EUROPA, TRAS BUDAPEST, QUE POSÚE UN MAIOR NÚMERO DE FONTES TERMAIS. DESTACAN OS MILENARIOS MANANCIAS DAS BURGAS, ASÍ COMO OS NUMEROSOS ESPAZOS DE BAÑO CREADOS AO LONGO DAS BEIRAS DO MIÑO, UN GRAN CORREDOR VERDE DE NATUREZA E BENESTAR.

OURENSE PRESUME DE COMERCIO E DE DESEÑADORES DE MODA, ASÍ COMO DUNHA ZONA MONUMENTAL CON RÚAS E PRACIÑAS MEDIEVAIS, IGREXAS, PAZOS E UN ENSANCHE DO SÉCULO DEZANOVE CON FERMOSES EXEMPLOS DE ARQUITECTURA MODERNISTA. É UNHA CIDADE QUE SORPRENDE E OS ENCANTOS DA CAL CONVIDÁMOLOS A COÑECER.


Comezamos a nosa visita no **parque de San Lázaro** , así chamado porque noutra época houbo alí un vello lazareto. Atópase aquí hoxe a IGREXA DE SAN FRANCISCO, trasladada pedra a pedra en 1928 dende o convento franciscano, que se achaba na parte alta da

cidade. O templo presenta unha equilibrada portada gótica coa escena da Anunciación. Nun dos capiteis sorpréndenos o relevo dun gaiteiro, converténdose nunha das representacións máis antigas do folclore galego.

Dominando todo o parque destaca a imponente presenza do edificio LA TORRE, cos seus 76 metros de altura distribuídos en 18 plantas, domina todo o parque. Foi realizado polo arquitecto Antonio Alex Reinlein en 1968 e xunta nun só edificio hotel, cafeterías,

PÁXINA OPOSTA Casa modernista Román y Saco

ABAIXO Gaiteiro del capitel de la Iglesia de San Francisco





vivendas, oficinas e comercios, resultando unha innovación para a época.

Arredor do parque de San Lázaro chama a atención a variada e abundante escultura pública. Preside este espazo O ANXO CAÍDO, de Francisco Asorey; en fronte atópanse A CASTAÑEIRA, de Xosé Cid, e a HOMENAXE A ANTONIO COLEMAN E ESTANISLAO REVERTER, que chegaron a ser grandes figuras do automobilismo en España, promotores do decano Rally de Ourense, que, á data de hoxe, continúa a celebrar. Antonio Coleman e Evaristo Reverter apóianse sobre o seu Renault con motor Porsche, o famoso «Alpinche». Na parte alta do parque eríxese O Carrabouxo, de César Lombra, unha escultura que recrea ao desgairado protagonista das viñetas do humorista Xosé Lois González que dende

ARRIBA O Anxo Caído
ABAIXO Terrazas xunto ao Teatro Losada

1982 se publican diariamente no diario local *La Región*.

Arredor deste espazo artículase unha importante zona comercial onde atopamos, no nº 32 da avenida da Habana, a primeira tenda, a nivel mundial, do prestixioso deseñador Adolfo Domínguez, que continuou coa tradición familiar da vella xastrería-camisaría El Faro. O creador do famoso slogan «a engurra é bela» tamén herdou a mestría dos seus pais para o márketing, que xa entre os anos 1959 e 1963 garantían ao cliente que podía mercar o xénero ás 9 da mañá, probalo ás 11 e levalo posto ás 7 da tarde. Hoxe conta con 348 puntos de venda distribuídos por 18 países.

Moi preto de alí, no nº 7 da rúa de San Lázaro, hai unha tenda de Carolina Herrera. A famosa deseñadora venezolana está intimamente relacionada con Ourense a través da Sociedade Téxtil Lonía, empresa en mans doutra parte da familia Domínguez, que den-



de a súa sede no Pereiro de Aguiar (Ourense) produce e distribúe en todo o mundo a marca Lifestyle CH.

Tamén vinculadas con Ourense están as marcas internacionalmente coñecidas Purificación García e Bimba y Lola. Teñen as súas tendas nos números 34 e 32 da inmediata **rúa do Paseo** ②, a rúa comercial de Ourense por excelencia dende o século XX. No nº 21 estableceuse así mesmo a tenda doutro ilustre ourensán, Roberto Verino, que conta tamén cun espazo expositivo dedicado á arte contemporánea.

Ao longo desta importante arteria peonil podemos atopar todo tipo de comercios, dende os máis tradicionais, coma Sierra Joyeros,

ARRIBA Galerías Viacambre
ABAIXO Vidrieira da Farmacia Cobián

aberto dende 1958, ata as últimas tendencias en moda e complementos, así como numerosos locais de lecer coas súas animadas terrazas.

No nº 30 desta rúa do Paseo podemos visitar as Galerías Viacambre, con variados comercios, e situadas nos baixos do vangardista edificio homónimo, sen dúbida un dos máis fotografados da cidade. Un pouco máis adiante, no nº 12, a Farmacia Cobián, que





ocupa o nº 12, conserva o mobiliario, o botame, o artesado e as vidreiras doutra época. No nº 11, o vello TEATRO LOSADA, que abriu as súas portas en 1928 e logo se converteu en cine, está no nº 11 e hoxe serve de sede á tenda Zara.

En fronte atópanse as primeiras galerías comerciais da cidade, Las Galerías Centrales, nas que se encontra Lola Logaro, unha artesá e creadora téxtil que, no seu estudo Hilokune, traballa cunha gran variedade de fíos para crear todo tipo de obxectos téxtiles feitos a man, coma a súa serie de bonecas Manuela, cada unha única e numerada e que se pode seguir en <https://dondeestamanuela.blogspot.com>, xa que a boneca Manuela viaxa por todo o mundo acompañando aos seus propietarios. Na planta alta sitúase Jolper Música, que dende 1962 vende instrumentos musicais, especializándose en guitarras eléctricas, clásicas e acústicas, entre as que se atopan as míticas Gibson.



MAPA DA RUTA



Na **rúa do Paseo** abundan as xaderías, coma Bico de Xeado (nº 1) e La Central Heladera (nº 7). Ámbalas dúas ofrecen deliciosos xeados artesás elaborados con produtos naturais. A segunda é unha firma cen por cen ourensá e a súa produción foi a primeira en contar co selo Galicia Calidade.

Arquitectura e escultura tamén se dan cita nesta rúa. Entre os edificios máis destacados están, no nº 20, o antigo Banco de España, construído en 1929, hoxe CENTRO CULTURAL JOSÉ ÁNGEL VALENTE; no nº 4, o vello HOTEL MIÑO, de 1909, coa súa emblemática gran torre de madeira de inspiración indiana, que o converte nun dos inmobles máis significativos da cidade; e, xusto en fronte, no nº 5, o primeiro EDIFICIO RACIONALISTA de Ourense levantado en 1935.

En canto á escultura atopamos pezas de artistas locais de gran sona coma a MATER-NIDADE, de Acisclo Manzano; A LEITEIRA, de Ramón Conde; ou MOUCHIÑO, de Xaime Quesada, en cuxa base vemos os nomes de per-


PÁXINA OPOSTA O torreón de madeira do Hotel Miño
ARRIBA Edificio racionalista
ABAIXO A leiteira, de Ramón Conde



sonaxes do mundo da fantasía coma BRANCANEVES, MORTADELO E FILEMÓN OU DONA URRACA, protagonistas das populares historietas que os nenos mercaban na veciña Librería La Viuda (nº 28 da rúa Lamas Carvajal) a máis vella de Ourense, xa que abriu as súas portas en 1886. En fronte está La Granadina, un peculiar posto de succulentas garapiñadas artesás, que leva dúas xeracións facendo as delicias de pequenos e maiores. A escasos metros acharemos outro posto ambulante, a Churrería Lolita, ao fronte do cal está a terceira xeración que continua a elaborar os churros de forma artesanal.


Achémonos dende alí aos xardíns do

PÁXINA OPOSTA A terraza do Café La Coruñesa
ARRIBA O puesto de garapiñadas de La Granadina
ABAIXO Xardíns do Padre Feijoo



MAPA DA RUTA



Padre Feijóo , onde se encontran a oficina municipal de turismo e o monumento dedicado ao ilustre pensador ourensán do século XVIII. En fronte encóntrase o café La Coruñesa, fundado en 1942 e que, noutra época, foi café concerto onde actuaron, entre outros, Lola Flores ou Concha Piquer.

Tamén moi próximos están os vellos ALMACENES SIMEÓN, obra de finais do século XIX do arquitecto Serra i Pujol, hoxe Centro Cultural Marcos Valcárcel (rúa do Progreso nº 30), onde podemos gozar de exposicións temporais e da súa curiosa colección permanente de trens a escala H0. A colección Fernández Pacheco-Outeiriño, conta con máis de 4 000 miniaturas e está considerada como unha das máis importantes de Europa. Da mesma época podemos contemplar o PAZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (Rúa do Progreso nº 32) que, nos seus inicios, foi unha fábrica de fíos situada na vella estrada que unía a meseta coa costa atlántica e que hoxe se converteu nunha das principais vías da cidade.

No nº 5 da achegada rúa de Reza, atópase o Bar Pepinillo, un clásico dende 1946 que conserva todo o sabor da época. No seu interior todo ten máis de medio século: a caixa rexistradora, unha cortadora de friame de 1934, as fotos e mesmo algúns dos seus clientes máis





feis. A propia clientela púxolle o nome a este bar, polo curioso costume de incluír nos seus bocadillos e tapas o cogombriño, un ingrediente pouco habitual naqueles tempos.

O noso percorrido continúa cara ao leste e lévanos ata o edificio historicista do Bispado. Dende alí seguimos ata os **xardíns do Bispo Cesáreo** **5**, resultando un dos recunchos máis harmónicos da cidade. Arredor dos xardíns desenvolveuse unha rica arquitectura civil reflexo da puxanza económica da burguesía local de finais do século XIX e comezos do XX, entre a que destacan, no nº 17 a CASA ROMÁN E SACO, de 1911, coas súas galerías en curva; a CASA JUNQUERA, no nº 9, coas súas curiosas torres de cerámica vidrada, que hoxe serve de sede de Afundación; en fronte, no nº 1, atópase o edificio dos desaparecidos ALMACENES OLMEDO, que cando abriron as súas portas ofrecían as últimas novidades en moda, segundo recompilaron as crónicas da época. Na planta baixa, dende



1987 recolleu o seu testemuño *Frank Store*. Ofrece novas tendencias e marcas en moda masculina.

A ruta continúa cara ao centro histórico pola **avenida de Pontevedra** **6**, onde chama a atención a fachada de azulexos do edificio de ULTRAMARINOS PLUS ULTRA, que nos trae a lembranza dos vellos comercios doutra época. Algúns deles aínda perduran na cidade coma *Calzados Marco* aberto dende 1954.

Tomamos agora a **rúa Lamas Carvajal** **7**, unha das rúas con maior actividade comercial nos anos trinta do século XX e pasamos por diante do PAZO DE OCA-VALLADARES, un



PÁXINA OPOSTA Liceo de Ourense
ARRIBA Igrexa de Santa Eufemia
ABAIXO Azulexos do Ultramarinos Plus Ultra



edificio do século XVI que nos sorprende cos seus artísticos balcóns e a súa fachada brasonada. Este pazo renacentista é a sede do LICEO DE OURENSE, unha sociedade de artesáns fundada hai máis de 160 anos, hoxe asociación cultural e cuxo restaurante Ágape Liceo abre ao público con acceso dende a praza Bispo Cesáreo.

Dende aquí chegamos á IGREXA DE SANTA EUFEMIA, na praza homónima. A fachada do templo abraia pola súa marcada escenografía barroca e a súa orixinal forma cóncava, que envolve o espazo. Foi ideada por frei Plácido Iglesias no século XVIII para rematar o templo xesuíta comezado un século antes.

ARRIBA El Real
PÁXINA OPOSTA Teatro Principal

No seu interior, clásico e robusto, destaca a talla do Cristo da Esperanza, atribuída a José Ferreiro.

Sen saírmos da praza, poderemos gozar dalgúns dos locais de lecer máis clásicos da cidade. O Lío Urban Bar, que noutra época foi unha camisaría e da que conserva elementos coma a escaleira, a balaustrada con adornos de espello e unha extraordinaria lámpada de cristal, está especializado en cócteles e premium drinks. O Café Latino garda tamén parte do mobiliario da súa vella actividade comercial e é un referente cultural, a nivel nacional e internacional, por organizar anualmente o Festival de Jazz de Primavera, así como pola súa programación de concertos. O Minudiño é un bar de copas que tamén organiza noites musicais e concertos, especialmente de música folk. Completa a oferta da praza Tizar Gourmet, un restaurante que nos presenta unha nova proposta de tapas informal. A colorida decoración é obra do mozo grafiteiro Misterpiro, que destaca dentro da arte urbana internacional, xa que conta con intervencións na India, Honduras, Milán, Nova York ou Londres.


A ruta continúa agora pola **rúa da Paz** 9, unha rúa onde xacando predominaban as zapaterías. Algunhas, coma Calzados Pinal, permanecen abertas dende 1953. Outras reconvertéronse en cafés, coma La zapatería del abuelo, que conserva unha espectacular escalinata dobre de madeira e os solos

hidráulicos case centenarios. O edificio onde se sitúa ten máis de 200 anos de antigüidade.

Un pouco máis adiante está o Bar Orellas, todo un referente dende os anos cincuenta. Foi almacén de viños, e hoxe todo un clásico para degustar as súas especialidades: o viño e a orella de porco, sobre todo á saída do Teatro Principal.

O edificio do TEATRO PRINCIPAL débese a Santiago Sáez, que en 1830 promoveu a súa construción xa que, polas súas ideas liberais, se lle negaba o acceso aos outros locais da cidade. Con este xesto demostrou, aos sectores máis conservadores do momento, a súa puxanza económica.

Algunhas tendas de alimentación especializada espállanse por esta rúa da Paz. Destacan Frutas Martínez, un establecemento tradicional con froita e hortalizas de proximidade; Ofreise, unha tenda gastronómica especializada en produtos artesáns da provincia de Ourense, que acotío coce no forno tortas, biscoitos, empanadas e unha gran variedade de panes ou Fina Rei, especializada en produtos de sobremesa de Allariz, vila ourensá onde a marca ten o seu obradoiro e do que saen doces típicos da zona, coma os amendoados e a Torta Real. Esta tenda ocupa o vello negocio de La Tropical, fundada en 1935, como se pode apreciar nalgunhas referencias da fachada e en elementos interiores.



Mención especial merece a xoiaría El Cronómetro, aberta dende 1928 e, dende entón, en mans da mesma familia. Dende o seu obradoiro continúan a realizar coleccións de xoias completamente artesanais, onde os diamantes son os reis, xa que posúen laboratorio oficial propio: Minot Diamonds. Tamén comercializan reloxo da súa propia marca: El Cronómetro, que leva máis de 100 anos manufacturando o mesmo modelo.

Outra institución comercial na rúa da Paz é a Camisería Carvajal, aberta dende 1931. Alá polos anos 60, o seu propietario percorría boa parte da xeografía española na procura de clientes para confeccionar camisas á medida para eles.

Antes de abandonar a rúa da Paz, debemos lembrar aos ilustres ourensáns que nela residiron, coma Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Xaquín Lorenzo «Xocas», figuras clave da cultura galega. Diversas placas nos



edificios dos números 21 e 26 así o testemuñan e se cadra podemos atopar algunhas das súas obras en *Re-Read*, librería low cost especializada en libros de segunda man.

Para os máis novos ou para quen procura un recordo especial recomendámoslle deterse en *Punto e Coma*, onde venden coidadas edicións de libros, e tamén crebacabezas, cuncas, tarxetas postais ou libretas de deseño propio e ilustracións de Miguel Robledo, recollidas nas coleccións Vive Ourense, Rosalía Pioneira ou Nós 2.0.

O noso paseo continúa pola **praza do Ferro** ¹⁰, que xacando acollía un mercado de aveños, quincalla e potes, que máis tarde venderían as ferraxarías da zona. Aqueles locais están hoxe ocupados por bares e restaurantes, convertendo esta praza nun dos lugares máis vitais da cidade, onde se alternan as edificacións fidalgas brasonadas coa máis pura arquitectura popular de palla e barro.

Preside o conxunto unha fermosa fonte traída do achegado mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, tralas desamortizacións do século XIX. Esta encrucillada de rúas é o punto de chegada e encontro para todos aqueles que acoden «aos viños» a gozar dun pincho ou dunha tapa nas próximas baiucas.

Seguimos a ruta pola **rúa San Miguel** ¹¹, na que se suceden numerosos restaurantes de todo tipo e variedade. Son especialmente coñecidos *O Pingallo*, fundado en 1933 e que noutrora foi frecuentado polos intelectuais e artistas locais, e o *San Miguel Gastro-Bar*, aberto dende mediados do século XX e cuxos antigos propietarios conseguiron unha das primeiras estrelas Michelin para Galicia nos anos 80. En 2015 converteuse en gastro-bar, xuntando a cociña tradicional e as novas tendencias culinarias.

Xusto ao lado, na coqueta **praza de Eirociño dos Cabaleiros** ¹², está a **CASA DE MARÍA ANDREA**, un edificio do século XVI. O seu nome débese á criada que defendeu con valor a propiedade do seu señor durante a invasión napoleónica, polo que este, en agradecemento, legoulla trala súa morte. Despois de varios usos, hoxe é un restaurante e taparía cuxa balconada de madeira ofrece a mellor panorámica da praza e das súas animadas terrazas. Non podemos deixar de visitar aquí o mesón *O Queixo*, continuador do desaparecido Bar do Tucho, que todos coñecían coma «O Volter», onde entre as décadas dos 60 e

80 se daban cita os escultores e pintores con máis sona da cidade, os chamados «Artistiñas». O nome O Volter alude aos sete artistas ourensás (Xaime Quessada, Xosé Luis de Dios, Acisclo Manzano, Bucíños, Xabier Pousa, Arturo Baltar e Virxilio) que, en 1963, crearon o grupo homónimo alentados polo intelectual Vicente Risco, que lles narrara a súa experiencia no Cabaré Voltaire de Zurich, onde se reunían os artistas da vangarda europea..

Os amantes do doce deberían facer unha parada na *Chocolatería Cándido*, lugar de referencia en Ourense dende hai máis de 20 anos onde, á parte dun bo chocolate quente, sérvense churros artesanais do día.

Regresamos por un intre á rúa de San Miguel e alí atopamos algúns dos establecementos comerciais con máis tirón da cidade coma a *Zapatería Delfín*, aberta dende 1953, e *Sterling*, onde a exclusividade en moda e complementos de luxo achéganos ao mundo das grandes firmas internacionais.

Volvemos á **praza do Ferro** ¹⁰ e continuamos pola ruta dos viños e das tapas, noutrora coñecida coma a «senda dos elefantes», que se prolonga por innumerables locais das veciñas rúas de Lepanto, de Juan de Austria, dos Fornos, da Unión e de Viriato. No noso percorrido podemos saborear dende a cociña máis tradicional, coma a carne ao caldeiro, o polbo, a orella, a espetada moura..., ata os



máis innovadores e refinados bocados, coma o revolto de algas e ortigas, o pastel de escarapote, a espetada de cervo, etc.

Na **rúa de Lepanto nº 8** ¹³ cómpre mencionar o **MUSEO MUNICIPAL** situado nun palacete renacentista, adornado con brasóns na súa fachada. Trátase da casa dos Méndez Montoto, que hoxe alberga unha exposición permanente de Julio Prieto Nespereira, o prestixioso gravador de Ourense, falecido en 1991, e que, ademais, acolle as mostras temporais de artistas contemporáneos.

Entre bares e tabernas, na **rúa de Juan de Austria** ¹⁴, atopamos a tenda *Santorum*, especializada en produtos galegos, principal-

ARRIBA Casa de María Andrea

PÁXINA OPOSTA Bares ao redor da praza do Ferro



mente viños, con máis de 200 referencias de viños de produtores locais, nacionais e internacionais. Tamén podemos visitar a tenda de paraugas e coitelos *Benito*, con máis de 30 anos de historia, continuadora do oficio por excelencia da provincia, que fai que aos ourensáns os chamen afiadores e paraugueiros.

Bordeamos a fachada norte da Catedral e chegamos á **praza dos Suaves** ¹⁵, dedicada ao emblemático grupo de rock ourensán, recoñecido con numerosos premios, entre eles a Medalla de Ouro de Galicia. Fundado polos tres irmáns Domínguez en 1979, a banda acadou o seu máximo apoxeo nas décadas dos 80 e 90, chegando a superar a cifra de

ARRIBA Praza do Ferro
PÁXINA OPOSTA Praza do Trigo

dous millóns de discos vendidos. Toda unha institución na cidade! Dende aquí vemos a parte máis elegante da catedral, o seu ciborio gótico do século XVI, o deambulatorio e as diferentes construcións anexadas ao longo dos séculos.

Na veciña **praza do Correxidor** ¹⁶, centro da vida nocturna de Ourense, atopámonos co *Café Cultural Auriense*, que presenta unha ampla oferta de exposicións e concertos. A Sociedade Cultural Auriense nace en 1967 para preservar e promover festas e tradicións populares galegas, sendo unha das sociedades máis dinámicas de Ourense, xa que organiza concursos literarios, cursos de música, baile e teatro, xornadas de cine, teatro ou monicreques. Ademais, ofrece as súas paredes, teitos ou mesas a tódolos artistas creativos que queiran expoñer e vender aquí a súa obra. Na praza podemos ver tamén a estatua en bronce dun dos seus máis ilustres membros, o escritor e intelectual Ramón Otero Pedrayo, inmortalizado polo escultor Buciños.

Dende aquí regresaremos á **praza do Ferro** ¹⁰ e continuamos a nosa ruta pola comercial rúa de **Santo Domingo** ¹⁷, que toma o nome da igrexa do antigo convento dos dominicos, aquí asentados dende 1634 ata principios do século XIX. Contrasta o sobrio exterior do templo coa riqueza do seu interior, profusamente decorado con retablos barrocos do gran mestre Castro Canseco.



A zona comercial complétase coas rúas transversais do Cardeal Quiroga e da Concordia, así como coas galerías comerciais *Xesta*, *Sol*, *Santo Domingo* e *Viacambre*, que nos comunican coas rúas do Paseo e de Valle-Inclán. Chama especialmente a atención o gran número de xoiarías que hai na rúa, un claro indicador da capacidade económica da cidade.

Outros establecementos dignos de mención son a confeitaría *El Couto* (nº 62), rexentada pola terceira xeración dunha familia que na década dos anos 40 iniciou a súa andadura no barrio do Couto, do que toma o nome; e *Guante Varadé*, unha das nove tendas que ten a firma repartidas por toda España e coñecida dende o século XIX polas súas refinadas luvas.

Rematamos a nosa ruta regresando ao punto de inicio, no **parque de San Lázaro** ¹.

O Conxunto histórico artístico de San Francisco

Na parte alta da cidade, atópase o MIRADOURO DA RÚA DA ESTRELA, que nos permite gozar de fermosas vistas da catedral e do centro histórico, sobre todo dende a terraza da Cafetería Mirador San Francisco.

Na outra beira, atópanse os restos do ANTIGO CONVENTO FRANCISCANO, que a mediados do XIX pasou a ser cuartel do exército e actualmente é sede do Arquivo Histórico Provincial. Do vello convento consérvase o claustro do século XIV, fermoso exemplo do gótico galego, con 63 arcos apuntados, capiteis e canzorros de rica decoración, no que destaca tamén a entrada á sala capitular. Ao seu carón, na antiga capela da Venerable Orde Terceira podemos gozar dunha sala temporal de exposicións con obras do Museo Arqueolóxico Provincial, onde se presenta unha interesante selección de pezas escultóricas dos fondos deste museo, cuxa sede da praza Maior actualmente está en proceso de restauración.

Paga a pena tamén a visita ao CEMITERIO DE SAN FRANCISCO, prototipo de camposanto romántico do século XIX, declarado Ben de Interese Cultural, polos seus panteóns

neogóticos e barrocos, testemuño do esplendor da burguesía ourensá. Importantes escritores, artistas ou industriais da cidade, coma Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor ou Valentín Lamas-Carvajal, atópanse aquí soterrados.

As Ribeiras, pontes e os espazos termais do Miño

O río Miño é unha parte fundamental da cidade de Ourense, hoxe convertido no seu verdadeiro pulmón verde e nun importante espazo de lecer. Ao longo da súa beira atopamos un paseo fluvial de 16 km que abrangue a coñecida como RUTA TERMAL DO MIÑO, de case seis quilómetros onde encontramos fontes e zonas de baño termais, algunhas gratuítas, outras de pago, dispostas ao aire libre e arrodoadas de natureza. Na CHAVASQUEIRA, nas TERMAS DE OUTARIZ e na BURGA DE CANEDO atopamos, ademais de espazos de baño aberto, instalacións termolúdicas inspiradas na tradición termal xaponesa do Onsen. Completan a ruta a popular fonte mineromedicinal do TINTEIRO e a área termal do MUÍÑO DA VEIGA, que toma o seu nome do muíño que aquí se atopa, un dos moitos que xacando había no río. Cada un destes espazos ofrece augas con temperaturas e propiedades diferentes, constituíndo unha singular oferta de relaxación, ocio e benestar que fai de Ourense un referente termal dentro e fóra de España.



Dende a praza Maior parte o tren das termas, un curioso transporte que nos achega a estas fontes e espazos de baño xunto ao río mentres gozamos dun percorrido panorámico pola cidade. É un accesible e cómodo xeito de se achegar a este espazo único que ningún visitante debería perderse.

O río Miño é tamén coñecido polas moitas pontes que aquí o atravesan. Entre elas destacan a histórica PONTE VELLA (ou Romana), levantada no século I e un dos símbolos da cidade; a PONTE NOVA, realizada nos anos vinte do século pasado para mellorar as comunicacións; o VIADUTO DO FERROCARRIL, unha obra dos anos 50 que unía Zamora e Ourense; e a PONTE DO MILENIO, inaugurada no ano 2001, que, coa súa vangardista forma, converteuse nun privilexiado miradoiro sobre a cidade e o río.

O Conxunto arqueolóxico-natural de Santomé

Está situado a escasos quilómetros do centro da cidade, nun medio natural único, con formacións vexetais mediterráneas e atlánticas. Dende alí podemos gozar dunhas boas vistas de Ourense e do barranco do río Lonia, sobre o que se sitúa este asentamento arqueolóxico. Datado entre os séculos I e II a.C., nel pódense observar restos dun poboado castrexo (prerromano) e dunha vila galaico-romana. Pódese visitar e conta con paneis explicativos para guiármonos e introducírmonos na vida e na cultura daquela época.

ARRIBA Termas de Outariz





გზიციბ